

## O ESCULTOR



Álvaro Pereiro Rodríguez naceu o 14 de febreiro de 1955 en Buxán (O Incio)

### **DATOS PROFESIONAIS**

Está en posesión da Carta de Artesán nº 1042.

Este Artesán Escultor comezou exercendo de traballador nas canteiras de lousa que posuía a familia de ahí comezou o seu interese pola pedra.

En 1993 o formador D. Xesús Arnejo Fandiño espertou a vocación da escultura, dos gravados e máis da heráldica neste artesán traballando con el cóbado con cóbado ó longo dunha longa estadía, na marmolería Sarria de Manosa en Lugo.

No seguinte ano deseñou e realizou a súa primeira obra en heráldica, o apelido Pereiro, do Oficio e máis do lugar; dentro dese mesmo ano iniciouse por el mesmo na escultura de ferro realizando un Peregrino con pezas de vehículo.

No ano 1995 fai a súa primeira exposición no Ateneo Ferrolán e tamén fai a reconstrucción e reforma na vivenda na que logo sería o museo actual.

Xa asentado como artesán no 1996 tallou o escudo, coroa, cornixa e gravado da fronteira do novo Concello.

Despois disto seguiron as súas obras que se estallaron por todo o territorio local, autonómico (Barcelona) e incluso Internacional (Puerto Rico).

En 1998 fundou o Museo da Pedra coa colaboración do Plan Leader II.

Hoxe en día adícase basicamente ó estudo, deseño e esculpido de escudos heráldicos en granito ou mármore

## **CURSOS**

2002. Curso de formación “O comercio de reproducións de arte”.

2002. Curso Barcelona. Visitas e Conferencias sobre Gaudí.

2002. Curso Gaudí.

2003. Curso Xornadas de tendencias e deseño en artesanía.

2005. Curso Prevención de Riscos Laborais en pequenas e medianas empresas.

2006. Curso Patrimonio, turismo e desenvolvemento Local.

e-mail: [alvaropereiro@terra.es](mailto:alvaropereiro@terra.es)

página web: [www.museodapedra.com](http://www.museodapedra.com)

## **A OBRA**

Á hora de encargar o busto, por unanimidade decidimos que fora un escultor natural do Incio o que elaborara a obra. Ademais dase a casualidade que o escultor, Álvaro Pereiro coñecía persoalmente ó “cura do Incio”, polo que a tarefa era máis sinxela.

No ano 1992 o escultor, Álvaro Pereiro e o sacerdote Ángel González colaboraron para un programa da segunda canle, na que amosaban os xacementos megalíticos do Incio, imaxes das Mámoas Célticas de Goó, visitas o Castro de Formigueiros, forman parte da reportaxe. Así mesmo, colaboraron ambos coa Revista Arquivo para un documental sobor da “Arqueoloxía Galega Celta”.

O busto co que se pretende homenaxear o “cura do Incio” é de carácter románico. A pedra coa que está realizado é da Canteira de Lúzara no Concello de Samos, porque é a pedra que mellor acompaña ó entorno no que imos colocar o busto, nas inmediacións da Igrexa de Hospital do Incio, tamén románica.

O escultor tomou as medidas para facer o busto duns bustos tamén románicos situados nas inmediacións do Pazo de Vilaboa na Coruña.

Para a elaboración do busto, contou con fotos que os sobriños de Ángel González tiveron a amabilidade de prestar, fotografías nas que aparece só e en primeira plana.

Sen embargo, no noso ánimo de implicar a un maior número de persoas do Incio, na elaboración do busto, tamén contamos coa axuda inestimable de Miguel Torre un pintor local ([www.migueltorre.es](http://www.migueltorre.es))

que se prestou a facer un boceto- retrato de Ángel González.

Á hora de elaborar o busto, o escultor tal como declarou resultoulle de gran axuda coñecer persoalmente ó homenaxeado, á hora de ir trazando os rasgos que o caracterizaban. Tamén contou co apoio de moitas persoas que a cotío visitaban a sua casa para irlle indicando características de Ángel González, indicacións que esperaban que ó artista lle resultaran de utilidade.

Finalmente e tamén por unanimidade decidimos que fora a frase **“EU NON VIÑEN A SER SERVIDO SENÓN A SERVIR”** a que conste na pedra que soportará o busto, pois ningún dito mellor podería definir a traxectoria dun home que adicou toda a sua vida ós demais sen esperar nada a cambio.